

RELACIÓNS SEMÁNTICAS

A semántica é a ciencia que estuda o significado das palabras e as relacións que se establecen entre elas a través dos seus significados. Entre o significado e o significante pódense dar as seguintes relacións semánticas:

Monosemia : palabra que só ten un significado. Ex: centola

Polisemia : significante ao que lle corresponden dous ou máis significados, determinados polo contexto. Ex. banco (de sentar), banco (entidade financeira), banco (de peixes). Neste caso, como a etimoloxía é a mesma, só hai unha entrada no dicionario e, dentro dela, varios significados.

Homonimia : palabras iguais no significante mais que varían no significado. Diferénciase da polisemia en que na polisemia só existe unha palabra orixe, mentras que na homonimia existen dúas ou máis e os seus significados non están emparentados. Xa que logo, as palabras homónimas aparecen en distintas entradas no dicionario e, normalmente, teñen categorías gramaticais distintas tamén. Desde o punto de vista da pronuncia e a escrita existen dous tipos de homónimos:

1. **Homófonos**: escríbense distintos mais pronúncianse igual. Ex. vaca (animal) / baca (soporte de carga nos coches); vago (nugallán) / bago (uva)
2. **Homógrafos**: escríbense e pronúncianse igual. Ex.: río (verbo rir) / río (corrente de auga); media (metade) / media (roupa)

Paronimia: son palabras que se parecen entre si pola forma, a pronuncia ou a etimoloxía, mais que teñen diferentes significados. Ex. sono / soño

Sinonimia : distinto significante e o mesmo ou parecido significado. Os sinónimos pertencen á mesma categoría gramatical. Raramente existe a sinonimia total (ex.: oculista / oftalmólogo). Porén, a sinonimia parcial é habitual: son palabras que, aínda que teñan un mesmo significado, presentan matices diferentes. Ex.: alterado, inquieto, excitado, trastornado, enfadado, irritado, etc.

Antonimia : dúas palabras que teñen significados opostos. Ex. frío / quente; comprar / vender

Hiperónimos : palabras que inclúen outras. Ex. flor inclúe margarida, rosa, papoula, caravel, etc. que serían **hipónimos** de flor e **cohipónimos** entre si.

Familia léxica: palabras que teñen a mesma raíz. Ex. pan, panadeiro, panadaría, empanada...

Campo semántico: palabras que comparten un ou máis trazos do significado. Ex. fútbol, voleibol, tenis, atletismo, natación...

OLLO: Só teredes que botar man destes conceptos se vos preguntan por *relacións semánticas* entre palabras. Se vos preguntan polos *trazos semánticos* que diferencian palabras, tedes que analizar o significado das palabras. Ex. se vos preguntan a relación semántica entre sono e soño, teríades que dicir que son palabras parónimas. Mais se vos preguntan o trazo semántico que as diferencia, teredes que dicir que o *sono* é o acto de durmir (cando estamos cansos) e o *soño* é o que se produce na nosa mente durante o sono.